



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais
Setembro 2021

PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	143.910	-19,2%	294.907	-10,5%	2,05	10,7%	53,24%	-7,37
PENSIÓNS	61.584	34,1%	104.110	34,7%	1,69	0,4%	43,46%	9,49
ESTAB. HOTELEIROS	205.493	-8,3%	399.018	-1,9%	1,94	6,9%	50,31%	-2,44
APTOS. TURÍSTICOS	8.625	7,1%	23.866	34,4%	2,77	25,5%	34,79%	1,94
CAMPINGS	10.478	23,1%	33.574	-0,1%	3,20	-18,9%	18,05%	0,46
TURISMO RURAL	7.844	-24,9%	12.502	-19,4%	1,59	7,4%	25,53%	-2,26
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	26.947	-0,3%	69.942	4,6%	2,60	4,8%	-	-
TOTAL	232.440	-7,4%	468.960	-1,0%	2,02	6,9%	-	-

- O comportamento da demanda turística na provincia de A Coruña aseméllase ao patrón xeral da comunidade. Neste mes de setembro consolídase a recuperación cun nivel de demanda moi superior ao rexistrado no pasado ano –supera en máis do dobre a cifra de 2020- e parello ao rexistrado en 2019. A porcentaxe de recuperación sitúase no 99% respecto do último ano antes da pandemia.
- Con máis de 232 mil viaxeiros aloxados e preto de 467 mil noites A Coruña sitúase en niveis de demanda previos á crise.
- Co 41% do total da comunidade é a provincia de maior peso en Galicia. Recupera esta posición novamente neste ano pois no verán ficaba por detrás de Pontevedra.
- O impacto da pandemia e sobre todo o nivel de recuperación difire entre as distintas tipoloxías de aloxamento. Todas elas superan con creces as cifras do pasado ano mais soamente as pensións e os apartamentos turísticos conseguen situarse tamén por encima dos niveis de 2019 –nun 35% as primeiras e nun 34% estes últimos-. Os cámpings mantéñense en volumes de demanda parellos aos de setembro de 2019 mentres que os hoteis e os establecementos de turismo rural fican por debaixo dos niveis previos á pandemia –cun nivel de recuperación do 90% nos primeiros e de algo máis do 80% nos segundos.
- Consolídase o bo comportamento que viñan rexistrando nos últimos meses os apartamentos turísticos e os cámpings, e refórzase a tendencia positiva nas pensións –que iniciaran no verán un crecemento notable respecto dos valores previos á pandemia-.
- O 85% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 63% nos hoteis e un 22% nas pensións-. O 15% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 5%-, os cámpings –co 7%- e os establecementos de turismo rural –co 3% neste caso-. Esta distribución aseméllase ao observado en xullo e

agosto aínda que baixa o volume e peso dos cámpings respecto do total. Esta modalidade ten unha notable presenza no verán -de feito é a segunda tipoloxía con maior volume de pernoctacións- e apenas rexistra niveis de demanda en temporada baixa.

- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Todos superan os niveis do pasado ano mais presentan unha dinámica diferente en relación ao 2019. Neste sentido obsérvase mellor comportamento do lado do turismo nacional, con incrementos do 60% no turismo interno –dos residentes en Galicia- e do 21% no receptor nacional –aquele que procede do conxunto do Estado- sobre os niveis previos á pandemia. Tal é o dinamismo destes dous segmentos que acadan, no ámbito hoteleiro, máximos históricos de demanda no mes de setembro –con 91 mil noites o interno e 223 mil noites o receptor nacional-.
- O mercado internacional segue en cifras negativas, situándose levemente por encima do 50% da demanda rexistrada antes da pandemia.
- A Coruña é a única provincia de Galicia con comportamento positivo do turismo interno no sentido de que supera agora en setembro, igual que no verán, os niveis previos á pandemia.
- O segmento receptor nacional lidera o mercado turístico hoteleiro en A Coruña, absorbendo o 56% do total da demanda da provincia. Significa isto que máis da metade das noites hoteleiras corresponden a viaxeiros procedentes do resto do Estado.
- Con dúas noites de media a provincia de A Coruña marca neste mes a segunda cifra de estadía máis alta de Galicia. Mantense en niveis semellantes aos do pasado ano e un 7% por encima da cifra de 2019.
- Os cámpings –con 3,2 noites de media- e os apartamentos turísticos –con 2,8 noites- rexistran a estadía media máis elevada de toda a oferta de aloxamento. Nos hoteis a cifra sitúase levemente por encima das dúas noites mentres que as pensións e os establecementos de turismo rural marcan os niveis máis baixos, con 1,7 noites as primeiras e 1,6 noites estes últimos.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella ao lado da demanda. Todas as tipoloxías melloran as cifras do pasado ano 2020 –de forma destacada os hoteis cun incremento próximo aos 30 puntos- mais só tres delas superan tamén o dato de setembro de 2019 –en 9,5 puntos as pensións, en dous puntos os apartamentos turísticos e en medio punto os cámpings-. Os hoteis e os establecementos de turismo rural fican aínda con niveis de ocupación inferiores aos de 2019, en pouco máis de sete puntos os primeiros e en algo máis de dous puntos os segundos –ambos como consecuencia dun descenso da demanda-.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 53,2% de media. No lado contrario a porcentaxe máis baixa cae do lado dos cámpings, cun 18,1% de media.

PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	52.662	-0,3%	91.394	2,9%	1,74	3,2%	51,18%	0,99
PENSIÓNS	26.028	-11,0%	32.996	-14,1%	1,27	-3,5%	31,52%	-1,16
ESTAB. HOTELEIROS	78.690	-4,1%	124.390	-2,3%	1,58	1,9%	43,91%	0,72
APTOS. TURÍSTICOS	4.364	-34,4%	12.849	-19,9%	2,94	22,0%	26,36%	-2,72
TURISMO RURAL	6.460	-31,2%	11.092	-17,5%	1,72	19,9%	22,14%	-4,14
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	10.824	-32,5%	23.941	-18,8%	2,21	20,3%	-	-
TOTAL	89.514	-8,7%	148.331	-5,4%	1,66	3,7%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e cámpings.
- En Lugo rexístranse neste último mes do verán máis de 89 mil viaxeiros aloxados e de 148 mil pernoctacións no conxunto da oferta regrada, cifras que superan notablemente os datos do pasado ano pero que fican por debaixo dos niveis de 2019 –se ben a curta distancia-. O grao de recuperación sitúase no 95% neste mes, porcentaxe referida ás pernoctacións.
- O comportamento da demanda varía nas diferentes modalidades de aloxamento. Neste sentido todas superan os niveis de demanda do pasado ano –de forma máis acusada as pensións que triplican os valores de setembro de 2020- pero presentan unha dinámica dispar en relación ao 2019. Os hoteis superan as cifras previas á pandemia –nun 3%- mentres que as restantes tipoloxías mantéñense por debaixo dos valores de 2019. O grao de recuperación sitúase entre o 80% e o 85% en comparación coas cifras de setembro de hai dous anos.
- Mantense a grandes trazos a dinámica observada no pasado verán, con pequenas variacións de intensidade, coa única excepción dos apartamentos turísticos -que no período estival marcaba niveis máximos de demanda e agora en setembro sitúase por debaixo dos niveis previos á crise-.
- O 84% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 62% nos hoteis e un 22% nas pensións-. O 16% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 9%- e os establecementos de turismo rural –representan o 7% neste caso-. Esta distribución cambia levemente respecto da observada no pasado verán, incrementándose o peso do segmento hoteleiro e diminuíndo neste caso o dos apartamentos turísticos.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes disparidade de comportamento dos tres grandes segmentos da demanda. O mercado receptor nacional é o único que amosa unha dinámica positiva, superando non só o nivel do pasado ano senón tamén o de 2019 –nun 31%, marcando un máximo da serie

histórica con 73 mil noites-. O turismo interno e o internacional fican, en cambio, por debaixo dos valores previos á pandemia con niveis de recuperación dispares: do 95% no caso dos residentes en Galicia e do 51% para os estranxeiros.

- Esta dinámica é parella á observada nos pasados meses de xullo e agosto dando como resultado que no conxunto do terceiro trimestre do ano o segmento receptor nacional supera por vez primeira na serie histórica as 300 mil noites nos establecementos hoteleiros. O mercado interno e o internacional fican por debaixo dos valores previos á pandemia, cun nivel de recuperación que supera o 80% para os residentes en Galicia e fica por debaixo do 50% para o receptor nacional.
- Co 59% da demanda o segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional. A súa importancia é moi notoria pero inferior á rexistrada no verán, cando supoñía tres de cada catro noites no segmento hoteleiro. O mercado interno absorbe o 26% mentres que o internacional representa o 15% do total da demanda hoteleira –porcentaxe que se asemella á observada nos primeiros anos deste século-.
- A estadía media en Lugo descende en relación ao pasado ano –nun 10%- mais supera o valor de 2019 –nun 3,7% neste caso-, situándose preto de 1,7 noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.
- Con 2,9 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta regrada. Marcan distancia respecto das restantes tres modalidades que se sitúan por debaixo das dúas noites –en particular 1,7 noites nos hoteis e en turismo rural, e 1,3 noites nas pensións-. Esta última é a cifra máis baixa de todas as modalidades a nivel provincial.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento semellante ao observado do lado da demanda. Así, sobe e mellora nos hoteis –tanto en relación ao pasado ano coma en comparación co 2019, nun punto porcentual- ficando nas restantes modalidades por debaixo das porcentaxes previas á pandemia. Neste sentido a distancia é máis curta nas pensións –fica un punto por debaixo da cifra de 2019- e máis longa nos establecementos de turismo rural –con máis de catro puntos de diferenza neste caso-.
- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta neste mes, cun 51,2% de media. No lado contrario a cifra máis baixa queda nos establecementos de turismo rural, cun 22,1% de ocupación media en setembro.

PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	27.593	-6,8%	49.318	-13,8%	1,79	-7,5%	40,16%	-4,87
PENSIÓNS	4.314	-32,2%	11.690	-7,9%	2,71	35,7%	26,99%	5,82
ESTAB. HOTELEIROS	31.906	-11,3%	61.008	-12,7%	1,91	-1,6%	36,72%	-0,63
APTOS. TURÍSTICOS	465	2,9%	1.224	12,3%	2,63	9,2%	14,89%	4,36
TURISMO RURAL	4.047	18,7%	7.447	23,7%	1,84	4,2%	26,53%	6,08
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	4.512	16,8%	8.671	21,9%	1,92	4,4%	-	-
TOTAL	36.418	-8,6%	69.679	-9,5%	1,91	-1,0%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e cámpings.
- Ourense segue un pouco o mesmo patrón de comportamento que Lugo. Neste mes supera de forma notable o nivel de demanda do pasado ano –nun 57% o volume de noites- se ben fica por debaixo dos valores de 2019 –tanto no que respecta á cifra de viaxeiros aloxados coma ao volume de noites-. A recuperación da demanda neste mes de setembro sitúase levemente por encima do 90% do total.
- A pesar de rexistrar unha dinámica parella ás restantes provincias Ourense presenta matices diferentes. Neste sentido, por exemplo, obsérvase disparidade de comportamento nas diferentes tipoloxías en relación aos niveis previos á pandemia. Os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural conseguen superar as cifras de setembro de 2019 –nun 12% os primeiros e nun 24% estes últimos- mentres que os hoteis e as pensións fican por debaixo dos valores dese ano –aínda que cun nivel de recuperación importante, do 86% os primeiros e do 92% as segundas-.
- A diferenza de Ourense respecto das restantes tres provincias radica no comportamento dos establecementos de turismo rural. En particular, é a única provincia na que este segmento supera non só os niveis do pasado ano senón tamén os de 2019 –en contraste co que se observa no resto da comunidade-.
- Con máis de 36 mil viaxeiros aloxados e preto de 70 mil noites Ourense absorbe neste mes o 6,1% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso no mes de maior afluencia en todo o ano.
- En Ourense o 88% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 71% nos hoteis e un 17% nas pensións-. O 12% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun maior peso para os aloxamentos de turismo rural –co 11%- e menos para os apartamentos turísticos –con menos do 2%

neste caso-. Obsérvase aquí tamén unha diferenza respecto das outras provincias: o notable peso do segmento de turismo rural en comparación, por exemplo, cos apartamentos turísticos.

- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado, cun patrón semellante ao observado en Lugo. Os tres grandes segmentos superan os niveis de demanda do pasado ano pero soamente o turismo receptor nacional consegue superar tamén os niveis previos á crise –nun 2,7% no relativo ao volume de noites-. O mercado interno sitúase no contorno do 85% da demanda rexistrado en 2019 mentres que o internacional fica aínda lonxe dos valores previos á pandemia –por debaixo do 50% da demanda daquel ano-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado receptor nacional –absorbe o 51% do total das noites hoteleiras da provincia-. O mercado interno ten tamén un peso importante, superior ao observado nas restantes tres provincias –absorbe neste caso o 41% do total das noites-. O internacional ten un peso moi baixo, o 8% do total.
- A estadía media mantense relativamente estable en relación ao observado nos dous últimos anos, con pequenas variacións que se sitúan no contorno do 1% interanual.
- Con 2,7 noites de media as pensións e os apartamentos turísticos marcan a cifra máis alta dentro da provincia. Contrasta este dato, o das pensións, co observado en meses anteriores e tamén nas restantes provincias pois, con carácter xeral, esta modalidade rexistra a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento considerada. Os hoteis e os establecementos de turismo rural sitúanse no contorno de 1,8 noites neste mes.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento algo diferente ao da demanda. Neste sentido todas as modalidades superan as porcentaxes de 2019 agás no caso dos hoteis, que fican cinco puntos por debaixo da porcentaxe previa á pandemia. A suba supera os catro puntos porcentuais nos apartamentos turísticos e achégase aos seis puntos nas pensións e en turismo rural.
- Chama a atención o caso das pensións pois cun menor nivel de demanda en relación ao 2019 supera en case seis puntos o nivel de ocupación de setembro dese ano –por mor dunha importante caída da oferta dispoñible nestes dous anos-.
- Confírmase tamén desde o lado da ocupación o bo comportamento do segmento de turismo rural na provincia de Ourense neste mes de setembro, superando nun 24% o nivel de demanda de 2019 e en seis puntos a porcentaxe de ocupación daquel ano.
- Cun 40,2% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta de aloxamento na provincia de Ourense. No lado contrario marcan a porcentaxe máis baixa os apartamentos turísticos, cun 15,9% de media.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	129.794	-20,9%	316.961	-19,3%	2,44	2,1%	47,11%	-8,35
PENSIÓNS	13.888	-36,8%	31.285	-18,8%	2,25	28,4%	27,00%	-9,06
ESTAB. HOTELEIROS	143.682	-22,8%	348.245	-19,2%	2,42	4,6%	44,13%	-8,77
APTOS. TURÍSTICOS	5.819	-3,6%	25.048	-11,1%	4,30	-7,7%	21,52%	-9,33
CÁMPINGS	14.605	-23,4%	67.469	-0,5%	4,62	30,0%	23,29%	-0,18
TURISMO RURAL	5.586	-2,3%	11.199	-2,0%	2,00	0,4%	20,47%	0,46
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	26.010	-15,6%	103.716	-3,4%	3,99	14,5%	-	-
TOTAL	169.692	-21,8%	451.961	-16,1%	2,66	7,3%	-	-

- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra mantense na liña do comentado para as restantes provincias pero neste caso as variacións respecto de anos anteriores teñen maior intensidade. Neste sentido en Pontevedra supéranse as cifras do pasado ano –nun 74% o volume de noites- mais os niveis deste ano fican por debaixo dos valores de 2019 –cun nivel de recuperación próximo ao 85% da cifra previa á pandemia-.
- Esta dinámica afecta por igual a todas as modalidades de aloxamento se ben aprécianse diferenzas de intensidade. Neste sentido, os cámpings e os establecementos de turismo rural presentan mellor comportamento en termos relativos pois sitúanse en niveis moi próximos aos de 2019. As restantes tres tipoloxías marcan maior distancia, con niveis de recuperación próximos ao 90% nos apartamentos turísticos e levemente por encima do 80% nos hoteis e nas pensións. O ámbito hoteleiro é, por tanto, o que rexistra maior distancia cos valores previos á crise.
- Cun 39,7% do total da comunidade Pontevedra sitúase como a segunda provincia en orde de importancia, por detrás de A Coruña pero cun nivel moi parecido –son preto de 452 mil noites neste noveno mes do ano-. Recupera este posto despois de liderar no verán –en xullo e en agosto- o ranking a nivel da comunidade.
- A nivel interno obsérvase que o 77% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 70%- e ás pensións –co 7% neste caso-. O 23% restante concéntrase nos apartamentos turísticos –co 5,5%-, nos cámpings –co 15%- e nos establecementos de turismo rural –co 2,5% neste caso-.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento diferente ao observado nas restantes tres provincias. Neste mes os tres grandes segmentos fican por debaixo dos niveis de 2019 –ningún consegue situarse por encima dos valores previos á pandemia-. A distancia é máis curta para o mercado nacional –o


grao de recuperación sitúase no 87% para o turismo interno e no 93% para o receptor nacional- e máis longa para o internacional –segmento que rexistra apenas a metade da demanda de 2019-.

- Co 62% do total das noites hoteleiras o turismo receptor nacional lidera o mercado en Pontevedra neste mes de setembro. O turismo interno absorbe o 22% mentres que o internacional representa o 16% das noites na provincia.
- A estadía media neste noveno mes do ano sitúase por encima do valor do pasado ano e tamén da cifra de 2019, situándose en preto de 2,7 noites –a cifra máis elevada das catro provincias galegas-.
- Neste contexto destaca o dato dos apartamentos turísticos e dos cámpings, que rexistran unha media de 4,3 e 4,6 noites, respectivamente. As restantes tres modalidades sitúanse por encima das dúas noites, con 2,4 noites nos hoteis, 2,2 noites nas pensións e xustamente dúas noites nos establecementos de turismo rural. Todas as modalidades acadan en Pontevedra as estadías medias máis altas de Galicia –agás no caso das pensións que marcan o dato máis alto en Ourense-.
- Os niveis de ocupación varían de forma parella ao observado do lado da demanda agás no segmento de turismo rural –que melloran en medio punto a porcentaxe de 2019 por mor dun menor volume de oferta dispoñible respecto da demanda-. Os cámpings mantéñense en cifras parellas ás de hai dous anos mentres que os hoteis, as pensións e os apartamentos turísticos sitúanse lonxe das porcentaxes previas á pandemia –a distancia rolda os nove puntos en cada unha delas-.
- Os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis alto da oferta regrada cun 47,1% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos establecementos de turismo rural, cun 20,5% de media neste caso.


Reparto da demanda turística regrada. Noites setembro 2021



Variación da demanda turística regrada. Noites setembro 21/19



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites setembro 2021



Variación da demanda por tipoloxías e provincia. Noites setembro 21/19

